



Sarria

Concello

REGULAMENTO SOBRE O USO DA FACTURA ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE SARRIA (PROVINCIA DE LUGO)

PREÁMBULO

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, recolle no artigo 4 os provedores que están obrigados ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda.

Estabelece tamén no citado artigo que as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 euros e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas.

Tendo en conta as características dos provedores cos que traballa esta Entidade Local crese necesario facer uso desta facultade de exclusión para así evitar que determinados provedores teñan dificultades para a xestión das facturas emitidas.

A entrada en vigor do artigo 4 da citada Lei, como recolle a Disposición final oitava, sobre obrigas de presentación de factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, fai necesario regular esta facultade que teñen as Administracións Públicas de excluír da obriga de facturación electrónica.

ARTIGO PRIMEIRO. PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS.

En cumprimento da obriga deste Concello de dispoñer dun Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, o Concello de Sarria adhírese ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FAcE, dispoñible na dirección URL <https://face.gob.es/es/>, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación destas no rexistro administrativo.

ARTIGO SEGUNDO. USO DA FACTURA ELECTRÓNICA.

1.- De conformidade co artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable das facturas no Sector Público, todos os provedores que entregasen bens ou prestase servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;



Sarria

Concello

d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;

e) Unións temporais de empresas;

f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

2.- En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo 4, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a este Concello de Sarria as facturas de ata un importe de 5.000,00 €, impostos incluídos.

Determinase por este Concello establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus Informes 43/2008, do 28 de xullo de 2008 e 26/2008, do 2 de decembro de 2008, que dispón que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Igualmente quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

3.- Establecer que os códigos DIR3 do Concello de Sarria, de acordo coa súa estrutura organizativa, son:

- Código da oficina contable: Intervención-Contabilidade LA0003531
- Código do órgano xestor: Alcaldía LA0003533
- Código da unidade de tramitación: Intervención-Facturación LA0003536
- Código da oficina contable do Organismo Autónomo: Intervención-Contabilidade Residencia LA0004756
- Código do órgano xestor do Organismo Autónomo: Presidencia LA0004754
- Código da unidade de tramitación do Organismo Autónomo: Intervención-Facturación Residencia LA0004757

Estes códigos serán indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. ENTRADA EN VIGOR.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrese o prazo previsto no




Sarria

Concello

artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e producirá efectos a partir de dita data.

Sarria, 16 de xaneiro de 2015

O Alcalde,



[Handwritten signature in blue ink]